



**CONCELLO DE MONFERO**

*MEMORIA EXPLICATIVA*  
*DO*  
*ORZAMENTO MUNICIPAL*  
*EXERCICIO DE 2012*

QUE FORMULA O SR. ALCALDE-PRESIDENTE  
D. BENJAMÍN M. RODRÍGUEZ ABAD.



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

### MEMORIA DA ALCALDÍA EXPLICATIVA DO CONTIDO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2012 E DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE PRESENTA CON RESPECTO AO DO 2011

Formúloa en cumprimento do disposto nos artigos 168.1 a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o artigo 18.1 a) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o anterior en materia de orzamentos.

As previsións que poden realizarse para o exercicio de 2012, vense afectadas por un importante grao de incerteza, dado que o proceso de elaboración dos orzamentos do Estado para este exercicio quedou pendiente como consecuencia da convocatoria de eleccións xerais. Neste momento, o escenario máis favorable que pode formularse circunscríbese a estrita prórroga orzamentaria e leva aparelado importantes limitacións en canto as previsións de crecemento do conxunto da nosa economía e ao descoñecemento do comportamento recadatorio que, en 2012, pode establecerse para as grandes figuras do noso sistema impositivo (IRPF, IVE e Impostos Especiais), instrumentos básicos para a determinación directa e indirecta dos nosos recursos financeiros.

O Real decreto lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público (en adiante RDL 20/2011), ven aclarar algunhas das dúbidas que trae como consecuencia a situación de prórroga orzamentaria e constitúe o elemento fundamental para a elaboración do presente proxecto de orzamento municipal para o 2012.

A política na súa elaboración, basease na austeridade, preservando a prestación dos servizos públicos fundamentais e en non incrementar a presión fiscal. Faise cun esforzo importante para conter e reducir o gasto e pártese dunha hipótese de mantemento de ingresos acorde coa prórroga orzamentaria, contando coa información de que se dispón sobre a execución do orzamento de 2011 e de exercicios anteriores.



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Para confeccionalo utilízase a vixente estrutura orzamentaria, aprobada pola Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais que, de acordo coa súa disposición final terceira, resulta de aplicación aos orzamentos correspondentes ao exercicio de 2010 e seguintes. Neste concello, o orzamento municipal de 2012, preséntase, para a súa execución, como se viña facendo ata agora, a nivel de área de gasto e subconcepto económico.

O contido e procedemento de aprobación encóntrase establecido pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto do Real decreto legislativo anterior, en materia de orzamentos.

No que atinxe ao estado de gastos, en xeral tívose unha especial consideración en nutrir partidas claramente insuficientes para cubrir os gastos que financian e reduciuse a consignación daquelas en que resultaba excesiva. A maioría das modificacións menores responden a un criterio estritamente técnico que pretende unha distribución máis axustada por partidas, para conseguir unha clasificación convenientemente especializada dos gastos.

De acordo co disposto polo artigo 2 do RDL 20/2011, as retribucións do persoal no experimentan ningún incremento con respecto as vixentes o 31 de decembro de 2011 e, polo tanto, establécense mantendo a situación correspondente ao exercicio de 2011. Non experimentan ningún incremento respecto ao exercicio anterior nin ao de 2010, e dicir, seguindo os criterios determinados no título III da lei de orzamentos xerais do Estado para o 2011, órzanse da seguinte maneira:

- Non poderán experimentar ningún incremento global con respecto ás de 2011.
- O soldo e os trienios han ser os que correspondan ao Grupo ou Subgrupo en que se encontre clasificado o Corpo ou Escala á que pertenza o funcionario/a,



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

de acordo coas contías que se fixan no artigo 22.Seis.1 da lei de orzamentos xerais do Estado para o 2011.

- As pagas extraordinarias do funcionariado, que se han percibir nos meses de xuño e decembro, serán da contía de soldo e trienios que se fixan no artigo 22.Seis.2 da lei de orzamento do Estado para o 2011, e do complemento de destino mensual que se perciba.

- O complemento de destino ha ser o correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, consonte as contías que se establecen na xa citada lei.

- O complemento específico anual que, se for o caso, estea asignado ao posto que se desempeñe, non experimentará ningún incremento respecto da vixente ao 31 de decembro de 2011, consecuencia da redución salarial do 2010. Percibirase en catorce pagas iguais, das que doce han ser de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe ca unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

As retribucións que se asignan para cada posto de traballo de acordo co repetido RDL 20/2011, grupo de titulación, nivel de complemento de destino e contía do complemento específico, indícanse no Anexo de Persoal, que actualiza a Relación de Postos de Traballo para o ano 2012, e que, xunto co Cadro de Persoal, forman parte deste expediente do orzamento municipal para o 2012, que se vai someter á aprobación do Pleno da Corporación. Neles contéñense todos os postos da entidade local, debidamente clasificados, e sinálanse os que deben ser desempeñados por funcionarios/as con habilitación estatal, os que deben ser desempeñados por outros/as funcionarios/as, por persoal eventual e laboral.

Órzanse as cantidades necesarias para facer fronte á antigüidade (trienios en función do grupo de titulación de pertenza) recoñecida con anterioridade, e para a que se recoñeza no próximo exercicio, ao persoal, fixo e eventual, que acredite o seu dereito a percibila nos termos acordados polo Pleno da Corporación que se recollen nas Bases de Execución do Orzamento.



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Dótase orzamentariamente a praza de Arquitecto/a, a media xornada, funcionario/a do grupo A1, creada no exercicio anterior, coa finalidade de adaptar o cadro de persoal municipal ás necesidades actuais.

As prazas de persoal eventual, Encargada/o de Servizos e Secretaria/o da Alcaldía, órzanse para un ano cada unha, coas retribucións que se indican no nomeado Anexo de Persoal, que non teñen variación con respecto ás vixentes no 2011.

O programa de normalización lingüística non se orzamenta debido á falta da financiación externa que o posibilitaba ata o de agora.

Na área de servizos sociais órzanse as cantidades necesarias para facer fronte á contratación de oito Auxiliares de axuda no fogar, así coma á súa substitución durante o período de vacacións e de disfrute de días de asuntos propios, para atender as necesidades que estimo para o servizo en función da súa situación actual e previsible para o futuro próximo. Faise un especial esforzo neste ámbito para asumir a ampliación da prestación do servizo a dependentes nas fins de semana e festivos, pese a redución das subvencións que a Xunta de Galicia viña concedendo para este gasto social.

Ademais, consígnanse 25.000,00 euros nesta área de gasto para atender ás baixas laborais, as horas extraordinarias e as liquidacións que, no seu caso, poidan ter as auxiliares do servizo, e para a colaboración cos programas de fomento de emprego, se for o caso.

As cantidades correspondentes ás retribucións de cargos electivos e de indemnizacións por asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local, adáptanse ao novo sistema acordado polo pleno da Corporación na súa sesión do 29 de xullo de 2011. As contías das indemnizacións por axudas de custo, gastos de desprazamento e asistencia a outros órganos colexiados da Corporación, mantéñense "conxeladas" nas mesmas contías ca no exercicio do 2008, sen incrementos, e quedan fixadas nas contías que se establecen nas Bases de Execución deste orzamento. Para atender ás dedicacións parciais dos tres concelleiras/os as/os que se lle aplica este réxime, órzanse as cantidades necesarias segundo o acordado no pleno ao que se fixo referencia



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

anteriormente. Convén destacar que a súa percepción é incompatible coa de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que forma parte, segundo a redacción que a Lei 14/2000 lle deu á Lei 7/1985.

Tomando como antecedentes as necesidades dos distintos servizos que deben prestarse durante o exercicio económico, formuladas polos seus responsables, consígnanse os créditos necesarios para atender a compra dos bens correntes expresados no capítulo segundo, dentro das posibilidades económicas desta entidade.

Mantéñense as partidas para programas específicos, como o campamento de verán, aínda que se reduce o seu importe con respecto ao exercicio anterior a 13.500,00 euros, ou o de envellecemento activo, que neste caso se amplía ata os 6.000,00 euros. O programa para a actividade "Na Neve", conserva o seu importe de 5.000,00 euros. Además créase unha partida específica para a Festa do Maior e outra para a organización da Cabalgata de Reis.

Os capítulos terceiro e noveno da clasificación económica dótanse coas cantidades necesarias para atender o pagamento de intereses e amortizacións previstos para a débeda desta Corporación durante o exercicio, segundo o correspondente anexo da débeda viva que forma parte do expediente de aprobación do orzamento.

Co obxecto de posibilitar orzamentariamente a concesión de axudas e subvencións ao longo do exercicio, consígnanse créditos na área de gasto 2: "Actuacións de protección e promoción social", nos seus subconceptos 2012.0.2.0.48100, nomeado "Axudas de emerxencia social" (7.000,00 €) e 2012.0.2.0.48300, nomeado "Axudas para o fomento da Natalidade" (24.000,00 €) e na área de gasto 3: "Producción de bens públicos de carácter preferente", nos seus subconceptos 2012.0.3.0.48000, nomeado "Subvencións municipais para gasto corrente", (19.000,00 euros) e 2012.0.3.0.48200, nomeado "Axudas escolarización", (6.000,00 euros) e no capítulo sétimo (15.000,00 euros). Mantense a subvención nominativa, por importe de 2.500,00 euros, para os gastos anuais de actividades e funcionamento da



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Universidade Senior de Xestoso, da que é beneficiario o Consello de Anciáns de Xestoso.

No que atinxe ás operacións de capital, dótanse as correspondentes partidas no capítulo sexto, para poder afrontar a execución das obras e servizos que, de forma sucinta, se expresan a continuación:

PARTIDA	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	IMPORTE ANUALIDADE
1.60100.0505	PLAN XERAL (PXOM) ANUALIDADE 2012 REAXUSTADA	25.188,53
1.60900	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS	35.592,75
3.63200	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN EN EDIF. E CONSTRUC	7.965,00
4.61100	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS	40.000,00
4.61100.1201	POS 2012 INVESTIMENTO INFRAESTRUTURA VIARIA	200.188,25
4.61100.1202	LIMPEZA E REST. CAMIÑO MONTELONGO-CAMPO ABELEDO	19.097,64
4.61200.1203	REHABILITACIÓN MURALLA MOSTEIRO DE MONFERO	23.137,44
4.61300.1204	REUPERACIÓN SOUTO MOSTEIRO DE MONFERO	23.060,32
9.62500	EQUIPAMENTO MOBILIARIO	1.000,00
9.62600	EQUIPAMENTO INFORMÁTICO	1.000,00
<b>TOTAL SUMA CAPITULO VI (INVESTIMENTOS)</b>		<b>376.229,93</b>

En materia de ingresos e particularmente respecto dos recursos ordinarios (capítulos primeiro a quinto), consígnanse todos aqueles que legalmente corresponde percibir e cuxa liquidación se prevé realizar durante o exercicio. Para isto, tomáronse como base os padróns fiscais do exercicio anterior e a recadación obtida nel polos distintos conceptos de ingresos, as ordenanzas en vigor e as que está previsto que entren en vigor en breve, as subvencións xa concedidas ou recibidas ou ben que está previsto ou é habitual recibir e mais a restante información da que se dispón. A maior parte das modificacións son o resultado de aplicarlles aos dereitos liquidados en exercicios anteriores, as porcentaxes de aumento previstas polas distintas disposicións así coma os previsibles aumentos das correspondentes bases impositibles, sen prexuízo da utilización dos datos concretos que xa se coñecen.



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Para calcular o importe das cantidades consignadas polo Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, aplícaselle ao último padrón catastral do que se dispón, do exercicio de 2011, cun importe 75.801,59 euros, un 4 por cento en concepto de altas previstas para o 2012 e un 10 por cento polo incremento do tipo de gravame previsto polo artigo 8 do RDL 20/2011, por ser un concello que foi obxecto dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral para bens inmóveis urbáns como consecuencia dunha ponencia de valores total aprobada con anterioridade ao ano 2002.

Para os bens de características especiais e para os de natureza rústica, non se considera ningún incremento. Órganse uns importes idénticos aos dos últimos padróns catastrais dos que se dispón, do exercicio de 2011, cun importe de 24.153,56 euros para o de rústica e de 131.024,71 euros para o de bens de características especiais.

A previsión do Imposto sobre Actividades Económicas responde á aplicación dun 4 por cento, en concepto de altas, ao padrón fiscal do 2011 (82.398,39 euros), unha vez deducidas as cantidades que corresponden a outros concellos dos dous recibos de Endesa (25 por 100 da cota de tarifa (9.159,43€)), e as cantidades ingresadas ao Concello en concepto de participación nas cotas provinciais e nacionais do período do 1 de xuño de 2010 o 31 de maio de 2011 e as percibidas en concepto de cotas nacionais de telefonía móbil en 2010.

No Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, a suba prevista por altas é do 5 por cento, redúcese o tanto por cento de previsión por este concepto, que o ano anterior era do 7 por cento, e tómase como base o padrón fiscal do 2011, cuxo importe se eleva á cantidade de 90.538,01 euros.

As cantidades que está previsto recibir no 2012 polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, pola Taxa pola concesión de licenzas de apertura de establecementos, por multas, por recargos por declaracións extemporáneas sen requerimento previo, por recargas executivas ou de apremio e por intereses de demora, non sofren variacións, fanse as mesmas estimacións que no 2011.



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Son de destacar, no capítulo terceiro, os ingresos que se espera percibir pola aplicación da nova ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola realización de declaracións da incursión na situación legal de fóra de ordeación total, que se estiman nun mínimo de 80 declaracións para o ano 2012 que, a razón dun mínimo de 300,00 euros por cada unha, ofrecen unha previsión de 24.000,00 euros.

Tamén se fan previsións con respecto a taxa por dereitos de exame, que se estimán para o 2012 en 4.000,00 euros.

Tamén hai que facer referencia, no capítulo terceiro, aos ingresos que se espera percibir pola aplicación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, que se estiman, neste exercicio con maiores argumentos, na mesma cantidade que a obtida no período comprendido entre o mes de novembro de 2010 e o de outubro de 2011, que é o único período dun ano completo que se coñece, e dicir, 13.842,08 euros, incrementados nun 10 por cento polas altas que se espera dar no servizo.

No capítulo cuarto figura o recurso cuantitativamente máis importante do Orzamento, a Participación nos Tributos do Estado, que se calculou aplicándolle á última liquidación definitiva que se coñece, que é a de 2009, cun importe de 322.657,08 euros, unha dedución dun 8,4 por cento, correspondente á minoración que experimentou a previsión dos ingresos tributarios do Estado entre o ano 2010 e o ano anterior, nos termos do artigo 123 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, isto é, o incremento de previsión da consignación establecida para o 2010, especificamente para os concellos, na clasificación económica 460 "Transferencias a Concellos" da clasificación orgánica 32.23 (Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais), do Programa: "942M Transferencias a EE.LL. por participación en Ingresos Estado", da Sección: "32 Entes Territoriais", da Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2010 con respecto á consignación do ano anterior. A cantidade resultante, aplícaselle a porcentaxe de incremento prevista para esta consignación na lei de orzamentos xerais do Estado para o 2011, que é do 9,73 por cento. E mantense esta cantidade conxelada para o 2012, ante a falta de aprobación dos orzamentos estatais



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

para dito exercicio. Ademais órzase a cantidade correspondente ao Fondo Especial de Financiamento, establecido no art. 126 da citada Lei de orzamentos xerais do Estado para 2011, como mecanismo especial de financiamento dos municipios con poboación non superior a 20.000 habitantes. O seu importe para o 2009 determinouse pola Resolución do 5 de marzo de 2009, da Directora Xeral de Cooperación Local do MAP, en 24.092,37 euros. Para calcular o seu importe para 2011, aplícaselle unha dedución dun 50 por cento, por ser esta a porcentaxe na que se minorou a cantidade consignada nos orzamentos estatais do 2010 con respecto aos de 2009, e ao resultado aplícaselle unha dedución dun 5 por cento, por ser esta a porcentaxe na que se reduciu a cantidade consignada na lei de orzamentos de 2011 con respecto aos de 2010. Esta cantidade tamén se mantén conxelada para o 2012 pola falta de aprobación dos orzamentos xerais do Estado para dito exercicio. A cifra global que resulta é de 335.755,16 euros. A esta cantidade se lle descontan os importes que neste exercicio corresponde devolver ao Estado, 12 partes de 60, como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios de 2008 e 2009, que, respectivamente, ascenderon as cantidades de - 46.259,78 euros e - 22.583,16 euros.

Outro recurso de especial relevancia, tanto no capítulo cuarto coma no orzamento global, é a participación do Concello no Fondo de Cooperación Local, con carácter financeiro, tendo a consideración de fondos incondicionados os recursos que con cargo á súa dotación lle correspondan ao Concello, conforme a disposición adicional sexta da Lei 2/2000, do 29 de abril, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2002, salvante o subfondo adicional. A previsión por este concepto, calcúlase partindo da última liquidación definitiva do Fondo de Cooperación Local que aprobou a Comunidade Autónoma, que é a correspondente ao 2008, pola que o Concello percibiu 221.992,11 euros. A esta cantidade aplícanse as porcentaxes de incremento ou de diminución que, con respecto ao ano anterior correspondente, experimentou a consignación, para esta finalidade, nos orzamentos da Xunta de Galicia nos exercicios de 2009, 2010, 2011 e a prevista para o 2012, é dicir, respectivamente, un incremento dun 2,63 por cento, unha dedución dun 16,21 por cento, un incremento dun 19,23 por cento e un 0,00 por cento. Como resultado, a consignación total para 2012 é igual que a de 2011: 227.819,08 euros.



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

As subvencións para operacións correntes previstas no orzamento de ingresos de 2012 e que, polo tanto, non poderán dar lugar á xeración de créditos para gastos, son as seguintes:

### Procedentes da Xunta de Galicia:

Plan Concertado: Traballadora Social e mantemento 2012	15.012,59
Plan Concertado: servizo de axuda no fogar básico 2012	3.336,38
Plan Concertado: servizo axuda fogar dependencia 2012	76.313,08
Convenio SERGAS mantemento Centro Saúde 2012	3.162,48
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local 2011-2012	22.764,62
Convenio mantemento CPI Virxe da Cela 2012	18.198,76

### Procedentes da Deputación Provincial:

Actividades deportivas 2012	10.896,00
Actividades culturais 2012	10.895,00
Actuacións musicais e teatrais 2012	5.288,50
Convenio animador deportivo 2011-2012	7.500,00
Convenio servizos sociais 2012	31.559,36
Programas básicos servizos sociais 2012	12.996,50
Programa de envellecemento activo 2012	6.000,00
Campaña socorrismo 2012	3.000,00
Persoal oficina de turismo 2012	8.998,31

### Procedentes do Estado:

Mantemento Xulgado de Paz 2010	1.570,34
--------------------------------	----------

No capítulo V recóllense os ingresos que está previsto recibir en concepto de intereses de depósitos, tendo en conta para o seu cálculo os saldos bancarios medios que se prevé manter durante o exercicio e os resultados de anteriores.



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

No orzamento municipal para 2012 non está prevista a concertación de ningunha operación de crédito.

Con respecto á capacidade económica e de endebedamento do Concello, cómpre facer referencia ao "Estudo Económico-Financeiro dos Municipios da Provincia da Coruña 2007-2010", elaborado polo Servizo de Asistencia Económica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña, referido ao ano 2010, no que estas se poñen de manifesto, desde un punto de vista absolutamente técnico e con total obxectividade, dando a norabora ao Concello polos resultados obtidos e concluendo literalmente:

*"O Concello de Monfero continúa, neste ano 2010, amosando unha situación económico-financeira saneada e estable. As magnitudes económicas e orzamentarias máis relevantes analizadas neste informe son todas positivas e presentan unhas cifras axeitadas a un concello do seu tamaño.*

*O remanente de tesourería para gastos xerais alcanza neste ano a cifra de 263.077,80€, unha cantidade que aínda que lixeiramente inferior á do ano anterior, permitirálle ao concello afrontar o financiamento dos investimentos ou actividades que considere oportunas este ano 2011. É de destacar nesta magnitude a diminución das obrigas pendentes de pago o 31 de decembro a unha cantidade mínima de 56.514,41€ o que fai que mellore considerablemente un aspecto tan importante como o da liquidez, e así o corroboran unhas ratios de tesourería moi elevadas, a de liquidez inmediata 2,21 e a de solvencia a curto prazo 6,52, ámbalas dúas moi por riba dos valores medios xeralmente aceptados que pon de manifesto a boa situación do concello en este aspecto.*

*O resultado presupostario e o aforro neto tamén presentan uns resultados positivos aínda que os importes son lixeiramente inferiores aos do ano anterior. Recoméndase vixiar a evolución do aforro neto para evitar que se poida chegar a unha situación de déficit no financiamento dos gastos correntes, para isto cómpre desenvolver unha política austeria no gasto e intentar mellorar a execución dos ingresos correntes. Polo que respecta a estes últimos, deberíanse analizar os motivos da diminución das cantidades liquidadas no capítulo 2*



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)


*"Impostos indirectos" e no capítulo 4 "Transferencias correntes" e as posibilidades de incremento dos ingresos do capítulo 3 "Taxas e outros ingresos" que presenta un índice do 0,11, moi baixo respecto aos valores medios liquidados polos outros concellos do seu mesmo estrato de poboación.*

*O concello incrementa o esforzo investidor do ano anterior e o capítulo de investimentos acada neste ano o importe de 1.102.457,70€, a cifra máis elevada do período. Isto provoca un déficit de financiamento orzamentario de -91.763,07€, non preocupante dado que é debido na súa maior parte ao financiamento dos gastos co remanente de tesourería, actuación totalmente xustificada cun remanente tan elevado como consecuencia dos bos resultados económicos dos anos anteriores.*

*Noraboa polos resultados obtidos."*

O resto dos recursos de capital para financiar os investimentos comprendidos no estado de gastos, constitúeno, amais dos recursos propios, as subvencións seguintes:

Xunta Galicia: Limpeza e restauración camiño de Montelongo a Campo de Abeledo	16.184,44
Xunta Galicia: Rehabilitación muralla Mosteiro Monfero	19.608,00
Xunta Galicia: Recuperación souto Mosteiro de Monfero	19.542,64
Xunta Galicia: redacción PXOM ANUALIDADE 2012	24.000,62
Deputación: Plan POS 2012	277.943,84



Monfero, 20 de xaneiro de 2012

○ Alcalde

Benjamín M. Rodríguez Abad